

Ile atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 14 outubro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmas. Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

ANEXO

Procedemento analítico para o control da masa neta en produtos conxelados glaseados

Retirar o produto do almacén ou cámara onde estaba a baixa temperatura, abrir inmediatamente e colocar despois de pesado o contido baixo unha abundante ducha de auga fría.

Mover ou axitar coidadosamente para que o produto non rompa.

Mantelo na ducha ata que todo o xeo que se vexa ou perciba se elimine.

Trasladar o produto a un cribo circular do número 8, de 20 centímetros de diámetro para masa inferior ou igual a 900 gramos ou ben a un cribo de 30 centímetros, para masa superior a 900 gramos.

Sen mover o produto, inclinar o cribo un ángulo de 17 graos a 20 graos para facilitar a drenaxe e deixar escorrer exactamente dous minutos.

Inmediatamente trasladar o produto a un recipiente tarado (B) e pesalo nunha balanza (A).

A masa neta do produto é exactamente A—B.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

18166 *REAL DECRETO 2016/2004, do 11 de outubro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MIE APQ-8 «Almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno».* («BOE» 256, do 23-10-2004.)

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, establece no punto 5 do seu artigo 12 que os regulamentos de seguridade de ámbito estatal os aprobará o Goberno da Nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencias lexislativas sobre industria poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

O Real decreto 379/2001, do 6 de abril, aprobou o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 e MIE APQ-7.

Co obxecto de establecer as prescricións técnicas de seguridade a que se deben axustar as instalacións de almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno, elaborouse a Instrución técnica complementaria MIE APQ-8.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de lle dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Este real decreto apróbase en exercicio das competencias que, en relación coa materia de seguridade industrial, lle viñeron atribuír expresamente á Administración xeral do Estado a totalidade dos estatutos de autonomía, conforme declarou reiteradamente a xurisprudencia constitucional recaída ao respecto (por todas elas, as sentenzas do Tribunal Constitucional 203/1992, do 26 de novembro; 243/1994, do 21 de xullo, e 175/2003, do 30 de setembro).

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de outubro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación da Instrución técnica complementaria MIE APQ-8.*

Apróbase a Instrución técnica complementaria (ITC) MIE APQ-8 «Almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno», do Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 e MIE APQ-7, que se insire a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Instalacións existentes.*

Os almacenamentos de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno, existentes con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto ou que estivesen en trámite de inscrición na citada data, adaptaranse ás prescricións da ITC MIE APQ-8 no prazo máximo de cinco anos, contados desde a data de entrada en vigor.

Para isto, no prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto, presentarase, ante o órgano competente da correspondente comunidade autónoma, un proxecto en que consten as modificacións que se van realizar para adecuar as instalacións á citada ITC.

Unha vez rematadas as obras de adaptación, dentro do citado prazo de cinco anos, procederase a xustificar esta circunstancia ao órgano competente da comunidade autónoma mediante a correspondente certificación, que deberá facer constar que as obras se realizaron segundo o proxecto presentado, e/ou as variacións que, en relación con aquelas, se introducísen.

Disposición transitoria segunda. *Almacenamentos existentes que non poidan cumprir as exixencias establecidas na ITC.*

Non obstante o disposto na disposición transitoria primeira, todas as instalacións de almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno existentes ou en trámite de inscrición na data de entrada en vigor deste real decreto, nas cales se demostre que non poidan cumprir algunha das prescricións establecidas na ITC, presentarán para a súa autorización un proxecto suscrito por un técnico titulado competente e visado polo correspondente colexio oficial, no

cal se xustifiquen as razóns de tal imposibilidade e no cal se especifiquen as medidas substitutorias que se van tomar, tendo en conta o risco que presentan as instalacións actuais para as persoas, os bens e o medio natural.

Ademais do citado proxecto, presentarase xunto coa instancia un certificado expedido por un organismo de control autorizado para a aplicación do Regulamento de almacenamento de produtos químicos, en que se faga constar que as medidas adoptadas teñen un grao de seguridade equivalente ou superior a aquelas a que substitúen.

A documentación mencionada presentarase no órgano competente da comunidade autónoma onde radique o almacenamento, no prazo de seis meses contados a partir da data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe unha norma regulamentaria de seguridade industrial, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13. da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

O Goberno procederá con urxencia a aprobar unha instrución técnica complementaria sobre o almacenamento de fertilizantes cun contido en nitróxeno inferior ao 28 por cento en masa.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA MIE - APO 8 «ALMACENAMENTO DE FERTILIZANTES A BASE DE NITRATO AMÓNICO CON ALTO CONTIDO EN NITRÓXENO»

CAPÍTULO I

Xeneralidades

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta Instrución técnica complementaria (ITC) ten por finalidade establecer as prescricións técnicas a que se axustarán os almacenamentos de fertilizantes sólidos a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno.

Artigo 2. *Campo de aplicación.*

Esta ITC aplicarase ás instalacións de almacenamento, manipulación, carga e descarga de fertilizantes a base de nitrato amónico sólido de alto contido en nitróxeno, con excepción das seguintes:

- Os almacenamentos integrados nas unidades de proceso, cuxa capacidade estará limitada á necesaria para a continuidade do proceso.
- Os almacenamentos cuxa capacidade non supere as 50 t a granel ou 200 t envasado. A estes almacenamentos seranlles de aplicación, unicamente, os artigos 8, 9, 10 e 11 desta ITC.
- Os almacenamentos non permanentes, en tránsito ou en expectativa de tránsito.

- Os almacenamentos para uso propio, co fertilizante envasado, cunha capacidade non superior a 5 t.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta ITC, aplicaranse as seguintes definicións:

- Almacenamento: é o conxunto de recintos e edificios de todo tipo que conteñan fertilizantes a base de nitrato amónico de alto contido en nitróxeno, e inclúe, ademais, as rúas intermedias de circulación e separación, as zonas e instalacións de carga e descarga e outras instalacións necesarias, sempre que sexan exclusivas do conxunto.
- Almacenamento en tránsito: almacenamento esporádico de produtos en espera de seren reexpedidos e cuxo período de almacenamento previsto non supere as 72 horas continuas. Non obstante, se no almacén existise produto durante máis de oito días ao mes ou 36 días ao ano, non será considerado almacenamento en tránsito.
- Área das instalacións: superficie delimitada polo perímetro da instalación considerada.
- Envases e GRG (grandes recipientes a granel): definicións segundo o capítulo 1.2 e os requirimentos dos capítulos 6.1, 6.6 e 6.5, respectivamente, do ADR (Acordo europeo relativo ao transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada)-2003, e o establecido na regulamentación específica de fertilizantes.
- Fertilizante a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno: todo produto a base de nitrato amónico fabricado para ser usado como fertilizante que teña un contido en nitróxeno superior ao 28 por cento en masa respecto ao nitrato amónico ou, o que é o mesmo, que contén máis dun 80 por cento de nitrato amónico.
- Inspector propio: o persoal técnico competente designado polo usuario, con experiencia na inspección de instalacións de almacenamento e manipulación de fertilizante a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno.
- Revisión periódica: toda revisión ou proba posterior á posta en servizo dos aparellos ou equipamentos, realizada polo inspector propio ou organismo de control.
- Unidade de proceso: é o conxunto de elementos e instalacións de produción; inclúe os equipamentos de proceso e os recipientes necesarios para a continuidade do proceso, situados dentro dos límites de batería das unidades de proceso.
- Vías de comunicación pública: son as estradas e liñas de ferrocarril de uso público.

Artigo 4. *Proxecto da instalación de almacenamento.*

O proxecto da instalación do almacenamento en edificios ou establecementos non industriais desenvolverase ben como parte do proxecto xeral do edificio ou establecemento, ben nun proxecto específico. Neste último caso será redactado e asinado por un técnico titulado competente que, cando fose distinto do autor do proxecto xeral, deberá actuar coordinadamente con este e aterse aos aspectos básicos da instalación reflectidos no proxecto xeral do edificio ou establecemento.

O proxecto a que fai referencia o Regulamento de almacenamento de produtos químicos estará composto polos documentos seguintes:

- Memoria técnica en que consten, polo menos, os seguintes puntos:
 - Almacenamento, describindo as súas capacidades, dimensións e demais características, produtos almacenados, temperaturas máximas previstas, así como a norma ou o código de deseño utilizado.
 - Sistemas, equipamentos e medios de protección contra incendios, definindo as normas de dimensionado

que sexan de aplicación en cada caso e efectuando os cálculos ou determinacións nelas exixidos.

3. Outros elementos de seguridade, describindo as súas características e, de ser o caso, protección dos materiais contra a corrosión.

4. Elementos de manutención e manipulación: as súas características e dimensionado.

5. Aspectos xeográficos e topográficos do contorno, con especial incidencia naqueles accidentes naturais que poidan presentar riscos de desprendemento de terra ou arrastre das augas; indicaranse as medidas de protección previstas en tales casos.

6. Xustificación do cumprimento desta ITC ou das medidas substitutorias previstas.

7. Plan de protección da seguridade pública.

Este plan conterá unha análise da localización da instalación, se é o caso dos eventuais riscos e ameazas e, se se considera oportuno, as medidas de seguridade que procedan, incluíndo, eventualmente, o establecemento dun servizo de vixilantes de seguridade.

O plan que, en todo caso, deberá gardar a proporción adecuada entre os riscos e as medidas para previlos, deberá ser aprobado pola Dirección Xeral da Garda Civil.

b) Planos:

1. Mapa xeográfico a escala 1:25.000, no cal sinalarán o almacenamento e as vías de comunicación, núcleos urbanos e accidentes topográficos relevantes, existentes dentro dun círculo de 10 km de raio con centro no dito almacenamento.

2. Plano xeral do conxunto, no cal se indicarán as distancias de seguridade.

c) Orzamento.

d) Instrucións para o uso, conservación e seguridade da instalación no que respecta ás persoas, aos equipos de traballo e ao medio natural.

e) Plan de mantemento e revisión das instalacións.

f) Plan de emerxencia interior.

Nos casos de ampliación, modificación ou traslado, o proxecto referirase ao ampliado, modificado ou trasladado e ao que, como consecuencia, resulte afectado.

CAPÍTULO II

Situación e distancias

Artigo 5. Situación.

Terase en conta a proximidade a vías de comunicación pública, e construíranse, en caso necesario, barreiras de protección adecuadas para o caso de saídas de vehículos da calzada ou da vía.

Os servizos móbiles de seguridade deberán poder acceder ao almacenamento desde dous puntos opostos, preferentemente segundo a dirección dos ventos predominantes. Haberá acceso e espazo abondo para a circulación e manobra da maquinaria de mantemento.

A área de almacenamento e os seus arredores deben estar libres de materiais combustibles, tales como residuos, graxas, madeiras ou maleza.

Artigo 6. Distancias.

No cadro 1 sinálanse as distancias mínimas, expresadas en metros, exixidas entre instalacións de almacenamento de fertilizantes sólidos a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno e os diferentes lugares e instalacións que se indican. A distancia medirase, en liña recta, entre os puntos máis próximos do lugar ou instalación considerada e a proxección vertical sobre o terreo do almacén considerado.

As distancias indicadas no citado cadro 1 multiplícanse polo factor «f» que se indica no cadro 2 e que regula as distancias mínimas exixidas en función da capacidade do almacenamento.

CADRO 1

Distancia en metros

Vías de comunicación pública: 80.

Lugar de concentración do persoal propio da industria: 20.

Vivendas e agrupación de vivendas: 200.

Local de pública concorrencia: 300.

CADRO 2

Capacidade de almacenamento (t)	Factor «f»
Entre 50 e 200	0,5
Entre 201 e 600	0,6
Entre 601 e 1.000	0,7
Entre 1.001 e 2.000	0,8
Entre 2.001 e 4.000	0,9
Maior de 4.000	1

Nota: considéranse instalacións independentes, para os efectos da capacidade global de almacenamento, aquelas que disten entre si máis da distancia resultante de lle aplicar á distancia establecida, para vías de comunicación pública, no cadro 1 o coeficiente correspondente do cadro 2.

CAPÍTULO III

Obra civil

Artigo 7. Normas sobre o deseño e a construción dos almacenamentos.

1. Estes almacenamentos cumprirán o establecido na lexislación vixente sobre seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

2. Os edificios que teñan como destino almacenar este tipo de fertilizantes proxectaranse dunha soa planta, sen sotos nin bodegas, excepto as necesarias para o paso das cintas de extracción se estas son subterráneas.

O piso dos almacéns debe ser construído preferentemente sen xuntas ou revocamentos de alcatrán. Evitarase a construción de fosos, desaugadoiros ou canles.

Os almacéns proxectaranse co adecuado illamento térmico, de modo que se garanta que a temperatura do produto non supere os 32 °C, única forma de evitar a formación de po e os perigos que isto supón.

O tellado debe ter unha estrutura lixeira e non se utilizarán madeiras nin calquera outro material combustible.

Os edificios destinados ao almacenamento deberán dispor de instalación de pararraios.

3. As instalacións permanentes de calefacción ou eléctricas deben proxectarse de tal maneira que o fertilizante nunca poida entrar en contacto con elas. Debe terse en conta a súa situación cando o almacén está completamente cheo. Isto afecta os radiadores, tubos de auga ou vapor, así como outras fontes de calor, estea ou non previsto o seu illamento.

As fontes de luz serán sempre frías e os seus compoñentes deben ser de materiais incombustibles. A colocación e proteccións das lámpadas deben evitar a acumulación de po.

A instalación eléctrica executarase de acordo co Regulamento electrotécnico de baixa tensión e, en especial, coa súa Instrución técnica complementaria BT-029 «Prescritións particulares para as instalacións eléctricas dos

locais con risco de incendio ou explosión». Os elementos mecánicos destinados ao movemento dos envases serán adecuados ás exixencias derivadas das características do produto almacenado.

CAPÍTULO IV

Medidas de seguridade

Artigo 8. *Condicións de almacenamento.*

Debido ao risco de incendio e descomposición deste produto, establécense as seguintes directrices:

- a) Débese reducir ao mínimo posible a xeración de po.
- b) Non se almacenarán, xunto a materiais combustibles (gasóleo, aceites, graxas, madeiras, papel, etc.), axentes redutores, ácidos, alcalis, xofre, cloratos, cromatos, nitritos, permanganatos e pos metálicos ou substancias que conteñan metais coma o cobre, cobalto, níquel, zinc e as súas aliaxes.

Así mesmo, afastarase de amoreamentos de feos, pallas, grans, sementes e materia orgánica en xeral.

- c) Estes fertilizantes almacenarase de xeito que se evite a súa mestura con outros tipos de fertilizantes distintos aos nitratos amónicos sólidos. Para isto, e en caso de almacenamentos a granel, deben separarse as moreas mediante muros ou paredes sólidas. No caso de que isto non fose posible, a distancia mínima entre os bordos das bases das moreas será de 8 m, sempre que os fertilizantes almacenados contiguos ás moreas non sexan nitratos amónicos, caso en que esta distancia poderá ser de 5 m.

Tomarase o máximo coidado para asegurar que estes fertilizantes non entren en contacto coa urea ou con fertilizantes con risco de descomposición autosostida, baixo ningunha circunstancia.

- d) A altura das moreas do produto, tanto envasado como a granel, deben quedar, polo menos, 1 m por debaixo dos beirís, vigas, puntos de iluminación e instalacións eléctricas.

e) Entre as moreas de produto ensacado deben quedar corredores o suficientemente largos que faciliten o acceso por tres costados. O largo mínimo dos corredores será de 2,5 m.

- f) Non se permitirá o uso de lámpadas portátiles núas.

g) Prohibirase a utilización de calquera fonte de calor se non está debidamente autorizada, supervisada e controlada. Fumar estará sempre prohibido.

h) Os traballos de soldadura ou de corte realizaranse sobre superficies previamente limpas de restos de nitrato e suficientemente illadas del.

i) Non se utilizará auga, serraduras nin produtos orgánicos para limpar o chan do almacén.

j) Evitarase a exposición á luz solar do fertilizante aínda que estea envasado.

k) En ningún caso a disposición do produto almacenado obstruíra as saídas normais ou de emerxencia, nin será un obstáculo para o acceso a equipos ou áreas destinados á seguridade.

l) Os almacenamentos disporán de ventilación adecuada para evitar que se superen as concentracións máximas admisibles de po nas condicións de traballo.

m) Nos recintos destinados ao almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico de alto contido en nitróxeno non se permitirá a manipulación do produto, excepto para as operacións de carga e descarga daquel ou alimentación ás instalacións de ensacado.

n) O titular da instalación disporá dun certificado ou copia compulsada deste, que garanta que o produto almacenado superou a proba de detonabilidade que se establece no Real decreto 1427/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 2492/1983, do 29 de

xuño, polo que se regula a intervención administrativa do Estado sobre o nitrato amónico de «grao explosivo», co fin de excluír a posibilidade de que tal produto sexa de grao explosivo.

Artigo 9. *Instalacións de seguridade.*

1. No almacenamento e arredores colocaranse estratexicamente rótulos normalizados anunciadores do perigo existente, da prohibición de fumar e prender lume e das saídas de emerxencia, conforme establece o Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

2. En lugares estratéxicos instalaranse duchas e lavaollos o máis próximos posible aos lugares de traballo, fundamentalmente nas áreas de carga e descarga.

Artigo 10. *Equipamentos de protección individual.*

Usaranse luvas adecuadas (por exemplo, de goma ou PVC) cando se manexe o produto durante períodos prolongados.

En ambiente de po utilizaranse máscaras contra pos inertes (P 1).

Despois de manipular o produto lavarase as mans e observaranse medidas hixiénicas.

En caso de incendios ou descomposición de produto, utilizaranse filtros de NOx, equipos autónomos de respiración e roupa protectora. En casos de intervencións prolongadas para sufocar un incidente, utilizaranse exclusivamente traxes autónomos.

Todos os equipamentos de protección persoal cumprirán a regulamentación vixente que lles sexa de aplicación.

Artigo 11. *Formación do persoal.*

O persoal do almacenamento, ou calquera outro relacionado con este, recibirá de maneira planificada instrucións específicas do titular do almacenamento sobre:

a) Propiedades e características do nitrato amónico de alto contido en nitróxeno.

b) Función e uso correcto dos elementos e instalacións de seguridade e do equipamento de protección persoal.

c) Consecuencias dun incorrecto funcionamento ou uso dos elementos e instalacións de seguridade e do equipamento de protección persoal.

d) Perigos que poden derivar dun incendio ou descomposición de produto.

Deberase deixar constancia escrita de que o persoal foi debidamente informado e adestrado de canto anteriormente se indica.

Artigo 12. *Plan de emerxencia interior.*

1. O responsable de cada almacenamento ou conxunto de almacenamentos dentro dunha mesma propiedade elaborará e implantará un plan de emerxencia interior co obxecto de previr os accidentes de calquera tipo e, de ser o caso, limitar as súas consecuencias.

O plan considerará as emerxencias que se poden producir, a forma precisa de as controlar o persoal do almacenamento, así como a posible actuación de servizos externos ao establecemento.

Para a súa elaboración e implantación terase en conta, cando proceda, a aplicación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control

dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.

2. O persoal do almacenamento realizará, polo menos, dous exercicios anuais de prácticas de emerxencia, dos cales se deberá gardar rexistro da súa realización, do resultado daqueles e dos puntos do plan de emerxencia que se poidan mellorar ou modificar á vista dos resultados obtidos. Os exercicios serán supervisados por inspector propio ou organismo de control, que será o encargado de elaborar o preceptivo informe.

Artigo 13. *Plan de revisións.*

Independentemente do establecido no artigo 4 do Regulamento de almacenamento de produtos químicos, cada almacenamento terá un plan de revisións propias para comprobar a dispoñibilidade e o bo estado dos elementos e instalacións de seguridade e equipamento de protección persoal.

O plan comprenderá, como mínimo, a revisión periódica anual de:

- a) Rede de auga contra incendios.
- b) Extintores, indicadores e alarmas.
- c) Duchas e lavaollos.
- d) Equipamentos de protección persoal.

As revisións serán realizadas por inspector propio ou organismo de control, e do seu resultado emitirase o certificado correspondente.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18167 REAL DECRETO 2017/2004, do 11 de outubro, sobre atribucións das titulacións de patrón de pesca de altura, patrón de primeira clase de pesca de litoral e mecánico naval de primeira clase. («BOE» 256, do 23-10-2004.)

O Decreto 2596/1974, do 9 de agosto, sobre titulacións profesionais da mariña mercante e de pesca, regulaba as atribucións das titulacións náutico-pesqueiras, de patrón de pesca de altura, patrón de primeira clase de pesca de litoral e mecánico naval de primeira clase.

Este decreto foi derogado polo Real decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro, mantendo as citadas atribucións na súa disposición adicional segunda.

As citadas titulacións náutico-pesqueiras podían cursarse a través da formación profesional regrada anterior á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou por medio da formación permanente de adultos.

A formación tecnolóxica-marítima de ambas as vías era similar, pero as actuais atribucións diverxen a prol daqueles que realizaron os seus estudos a través da formación profesional regrada.

A práctica vén demostrando que os titulados, xa sexan na sección de ponte, xa sexan na de máquinas, que obtiveron a súa titulación a través da formación permanente de adultos están, tras un período de embarco, nas

mesmas condicións profesionais que os titulados que cursaron a formación profesional regrada.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 42 que o Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector, no marco do sistema educativo xeral, establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de outubro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Atribucións do patrón de pesca de altura.*

Os patróns de pesca de altura poderán exercer como patrón en buques de pesca cunha eslora non superior a 50 metros, ou de primeiro oficial de ponte sen ningunha limitación.

Artigo 2. *Atribucións do patrón de primeira clase de pesca de litoral.*

Os patróns de primeira clase de pesca de litoral poderán exercer:

- a) Como oficial de ponte en buques de pesca cunha eslora non superior a 50 metros.
- b) Como patrón en buques de pesca de eslora non superior a 30 metros dentro da zona comprendida entre os paralelos 52° N e 10° N e os meridianos 32° O e 30° E, ou de primeiro oficial de ponte en buques de pesca de eslora non superior a 50 metros.

Artigo 3. *Atribucións do mecánico naval de primeira clase.*

Os mecánicos navais de primeira clase poderán:

- a) Exercer a xefatura de máquinas en buques de pesca cunha potencia propulsora non superior a 1.400 KW.
- b) Exercer como primeiro oficial de máquinas en buques de pesca de potencia propulsora non superior a 3.000 KW.
- c) Exercer como oficial de máquinas de categoría inferior á citada no parágrafo anterior en calquera buque de pesca.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases de ordenación do sector pesqueiro.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA